

Resolución do 2 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para a realización de rodaxes audiovisuais en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, e procédese á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT207G).

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, segundo o previsto nos artigos 3, 4 e 5 da lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da axencia galega das industrias culturais.

A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio destinados a reforzar o papel dos creadores individuais, empresas e industrias culturais privadas, dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

O obxectivo da Axencia é consolidar o tecido industrial no sector cultural galego para promover un sector empresarial capitalizado, competitivo e innovador, fomentar a creación e potenciar a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singulares.

A Axencia pretende impulsar a demanda de produtos culturais na sociedade galega e, ao tempo, aumentar a exportación. Os destinatarios da Axencia son as entidades culturais dedicadas principalmente á produción, distribución ou comercialización de produtos culturais.

A Axencia, no desenvolvemento do seu labor a favor do audiovisual, concorda co establecido na Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, na súa exposición de motivos cando di que: *“a actividade cinematográfica e audiovisual conforma un sector estratéxico da nosa cultura e da nosa economía. Como manifestación artística e expresión creativa, é un elemento básico da entidade cultural dun país. A súa contribución ao avance tecnolóxico, ao desenvolvemento económico e á creación de emprego, xunto á súa achega ao mantemento da diversidade cultural, son elementos suficientes para que o Estado estableza as medidas necesarias para o seu fomento e promoción, e determine os sistemas máis convenientes para a conservación do patrimonio cinematográfico e a súa difusión dentro e fóra das nosas fronteiras. Todo iso considerando que a cultura audiovisual, da que sen dúbida o cinema constitúe unha parte fundamental, áchase presente en todos os ámbitos da sociedade actual”*.

Por esta razón, a Axencia mantén unha liña de traballo, considerada estratéxica, que busca situar a Galicia como destino idóneo de grandes rodaxes e que ten entre os seus obxectivos principais

aumentar a capacidade competitiva das empresas da industria audiovisual galega e incentivar a creación de empregos sustentables que integren a totalidade da súa cadea de valor.

Esta finalidade encaixa perfectamente coa filosofía na que se enmarca o novo período de programación dos fondos europeos, especialmente do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, tal e como se desprende do considerando 26 do Regulamento (UE) 2021/1058 que menciona a importancia dos investimentos nos sectores creativo e cultural así como os servizos culturais sempre que contribúan aos obxectivos específicos que non son outros que a mellora da competitividade das PEMES, o crecemento sustentable e a creación de emprego.

En consonancia con iso, a estas bases reguladoras resúltalles de aplicación o principio de “non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente “ (DNSH, polas súas siglas en inglés), isto é, que ningunha das actuacións promovidas nestas bases incide negativamente en ningún dos seis obxectivos medio ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852: mitigación ao cambio climático, adaptación ao cambio climático, uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños, economía circular, prevención e control da contaminación e protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas.

De acordo co anterior

RESOLVO

1. Convocatoria e bases reguladoras

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas da Axencia Galega das Industrias Culturais para a realización de rodaxes audiovisuais en Galicia e proceder á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT207G).

Segundo o establecido no Regulamento UE núm. 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, os réximes de axuda concibidos para apoiar a elaboración de guións, o desenvolvemento, a produción, a distribución e a promoción de obras audiovisuais serán compatibles co mercado interior segundo o artigo 107, apartado 3, do Tratado, e quedarán exentos da obriga de notificación prevista no artigo 108, apartado 3, do Tratado, sempre que se cumpran as condicións previstas no propio regulamento, e unha das condicións esixidas é que as axudas se destinarán a un produto cultural, condición imprescindible na presente convocatoria. De conformidade co artigo 54 do Regulamento, *“a fin de evitar erros manifestos á hora de cualificar un produto como cultural, cada Estado membro establecerá procesos eficaces, como a selección de propostas por unha ou varias persoas encargadas da selección, ou a verificación con respecto a unha lista predeterminada de criterios culturais.”*

Na presente convocatoria defínense os requisitos para obter o certificado cultural que expide o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) de España, e a fórmula da declaración responsable para acreditar o seu cumprimento.

2. Financiamento

Estas subvencións financiaranse con cargo aos créditos orzamentarios da Axencia Galega das Industrias Culturais asignados para esta finalidade nos orzamentos do ente con cargo á aplicación orzamentaria, polos importes e a súa distribución plurianual que se indica no cadro seguinte:

CÓDIGO DE PROXECTO	ORIXE DOS FONDOS	TOTAL	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANUALIDADES	IMPORTE
2024 00002	FEDER	2.200.000 €	13.A1.432B.770.2	2025	900.000 €
				2026	1.300.000 €

As actuacións subvencionables con cargo a estas axudas están cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027 cunha taxa do 60% computándose o 40% restante como investimento privado elixible das persoas beneficiarias. Concretamente, esta actuación corresponde a:

Obxectivo Político 1. Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade TIC rexional.

Obxectivo Específico 1.3. O reforzo do crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.

Liña de actuación: 1.3.01. Apoio financeiro a proxectos de investimento empresarial, especialmente das PEMES, para promover o crecemento sustentable, a competitividade e a creación e o mantemento do emprego.

Subtipo de acción: 1.3.1.7 Impulso do tecido do sector audiovisual galego e de Galicia como escenario de rodaxes.

Ámbito de intervención 021. Desenvolvemento empresarial e internacionalización das PEMES, incluídos os investimentos produtivos.

Os indicadores relativos a esta convocatoria son:

Indicador realización: RCO01: Empresas apoiadas (das cales: microempresas, pequenas, medianas e grandes)

Indicador realización: RCO02: Empresas apoiadas a través de subvencións (empresas)

Indicador de resultado: RCR02. Investimentos privados que acompañan ao apoio público (euros)

3. Persoas beneficiarias

Poderán optar a estas subvencións todas as persoas físicas (traballadoras autónomas) ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes dadas de alta cunha antigüidade mínima, e sen interrupcións, dun ano no epígrafe IAE 961.1 e cun centro de traballo ou oficina permanente, de polo menos un ano previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a área Económica Europea. Cando a persoa xurídica sexa unha agrupación de interese económico (AIE), os requisitos citados deberán ser cumpridos polo menos por unha das empresas que a integran no momento da súa constitución.

4. Solicitudes

4.1. Para poder ser persoa beneficiaria das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 9 das bases reguladoras.

4.2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. O prazo para a presentación das solicitudes iniciárase aos 7 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia e rematará 1 de outubro de 2025.

5. Prazo de duración do procedemento de concesión

As solicitudes serán tramitadas de acordo co procedemento de concorrencia non competitiva que non poderá ter unha duración superior aos dous meses contados a partir do día seguinte á presentación da solicitude.

6. Información ás persoas interesadas

6.1. Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia Galega das Industrias Culturais, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Axencia Galega das Industrias Culturais: <http://industriasculturais.xunta.gal>

b) Os teléfonos 881 99 60 77 /881 99 60 78.

c) Na dirección electrónica agadic@xunta.gal.

d) Persoalmente.

e) Na guía de procedementos e servizos administrativos na dirección <http://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>.6.2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012.

7. Réxime de recursos

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

b) Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao de publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante os xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela.

8. Base de datos Nacional de Subvencións

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación.

9. Rexistro Público de Subvencións

De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2025

O presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais

José López Campos

ANEXO I

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DAS AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE RODAXES AUDIOVISUAIS EN GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FEDER GALICIA 2021-2027, E PROCÉDESE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2025 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO CT207G).

Artigo 1. Obxecto, finalidade e réxime das axudas

1. Estas bases teñen por obxecto determinar as condicións polas cales se regulará a concesión, en réxime de concorrancia non competitiva, das axudas para a realización de rodaxes audiovisuais en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027, e procédese á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT207G).
2. A finalidade desta convocatoria é estimular e impulsar a execución de rodaxes audiovisuais en Galicia para, por unha banda, fomentar a cadea de valor da industria do sector audiovisual galego co obxectivo de mellorar a súa competitividade, o crecemento sustentable e o mantemento do emprego de calidade das empresas e, por outro, situar a Galicia como escenario de rodaxes audiovisuais de nivel internacional.
3. Para os efectos das presentes bases, teranse en conta as seguintes definicións:
 - a) Produción audiovisual, refírese á obra audiovisual completa.
 - b) Proxecto subvencionable, refírese ao conxunto das accións e actividades relacionadas coa produción audiovisual que se realicen en Galicia dentro do período subvencionable.
 - c) Actividade en Galicia. Enténdese que as persoas solicitantes desenvolven a súa actividade en Galicia se poden acreditar a súa participación, en calidade de produtora maioritaria ou de responsable en Galicia da produción executiva en, polo menos, dúas producións audiovisuais realizadas en Galicia, no últimos cinco anos, que coincidan con algunha das modalidades descritas no artigo 4.1 desta convocatoria.
4. Estas subvencións serán tramitadas, e concedidas, en réxime de concorrancia non competitiva e de acordo cos seguintes principios:
 - a) publicidade, concorrancia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
 - b) eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
 - c) eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.
5. De conformidade co artigo 54 do Regulamento UE nº 651/2014, da Comisión Europea, do 17 de xuño de 2014, os réximes de axuda concibidos para apoiar a elaboración de guións, o

desenvolvemento, a produción, a distribución e a promoción de obras audiovisuais serán compatibles co mercado interior segundo o artigo 107, apartado 3, do Tratado, e quedarán exentos do deber de notificación prevista no artigo 108, apartado 3, do Tratado, sempre que se cumpran as condicións previstas no propio regulamento, e unha das condicións esixidas é que as axudas se destinarán a un produto cultural, condición imprescindible na presente convocatoria. Estas bases establecen a fórmula de declaración responsable para acreditar o cumprimento dos requisitos para a obtención do certificado cultural que expide o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) de España, así como os criterios que permitirán seleccionar as solicitudes propostas para subvención

6. As subvencións serán concedidas ata o esgotamento do crédito orzamentario, de acordo co establecido nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo procedemento abreviado e por orde cronolóxica, tendo en conta a data e hora de entrada no Rexistro. Para estes efectos, considerarase como data a última entrada de documentación que complete o expediente de solicitude. A proposta de concesión formularase polo órgano instructor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos para conceder a subvención, sen que sexa necesario realizar a comparación das solicitudes presentadas.

Artigo 2. Persoas beneficiarias

1. Poderán optar a estas subvencións todas as persoas físicas (traballadoras autónomas) ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes dadas de alta cunha antigüidade mínima, e sen interrupcións, dun ano no epígrafe IAE 961.1 e cun centro de traballo ou oficina permanente, de polo menos un ano previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a área Económica Europea.

Por produtora audiovisual independente enténdese, para os efectos desta convocatoria, toda persoa física (autónoma) ou xurídica privada, que teña a iniciativa e asuma a responsabilidade na produción audiovisual e non sexa obxecto de influencia dominante por parte dun prestador de servizo de comunicación/difusión audiovisual nin dun titular de canle televisiva privada nin, pola súa banda, exerza unha influencia dominante, tal e como establece a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, artigo 4.n).

Cando a persoa xurídica sexa unha agrupación de interese económico (AIE), os requisitos citados deberán ser cumpridos polo menos por unha das empresas que a integran no momento da súa constitución. A agrupación non poderá disolverse ata que finalizase o prazo de prescrición para o reintegro e as infraccións previsto polos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia.

2. As empresas produtoras que soliciten participar nesta convocatoria determinarán o tipo de actividade que van desenvolver, cuxa denominación virá determinada pola porcentaxe de propiedade industrial que ostenten sobre a produción audiovisual:

a) Coprodución. Entenderase que unha empresa produtora actúa no ámbito da coprodución cando, no momento da solicitude, acredita unha participación na propiedade industrial da produción audiovisual igual ou superior ao 20%. Esta porcentaxe de participación na propiedade industrial da obra poderá reducirse ao 15% no caso de coproducións internacionais nas que interveñan dous países ou ao 10% cando na coprodución internacional interveñen tres ou máis países. A persoa solicitante deberá manter a porcentaxe de participación na propiedade industrial durante toda a vixencia da operación.

b) Servizo de produción. Entenderase que unha empresa produtora actúa no ámbito do servizo de produción cando, no momento da solicitude, dispón dun contrato en firme para asumir os servizos de produción obxecto desta convocatoria, non tendo participación na propiedade industrial da produción audiovisual ou sendo esta menor que as porcentaxes descritas no apartado a).

3. A persoa solicitante ou, de ser o caso, a persoa responsable da produción executiva, deberá ter producido ou ter desempeñado a función de responsable da produción executiva nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria un mínimo dunha obra previa que coincida con algunha das condicións que se describen:

- longametraxe cinematográfica estreada en salas comerciais nacionais cun mínimo de 20.000 espectadores e así conste na base de datos de películas cualificadas do ICAA.
- serie ou miniserie de ficción para TV ou plataforma de VOD, dun mínimo de 150 minutos de duración, que fosen emitidas nun mínimo de dous países, ademais de en España.
- longametraxe cinematográfica de ficción en réxime de coprodución internacional e así conste na base de datos de películas cualificadas do ICAA.

4. As persoas solicitantes deben estar comprendidas na definición de pequena e mediana empresa (PEME) segundo a contida no Regulamento (UE) núm. 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014 (DOUE-L-2014-81403), en función dos seus efectivos, do seu volume de negocio e do seu balance anual.

5. A presente convocatoria non será aplicable ás empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior.

De acordo co artigo 2, punto 18 do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, nesta convocatoria poderán ser persoas beneficiarias as empresas que non teñan a consideración de empresa en crise no momento da presentación da solicitude, circunstancia que será comprobada por Agadic.

6. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias as persoas ou entidades en que conorra algunha das prohibicións establecidas nos termos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, as persoas solicitantes declarararán non estar incursos en tales circunstancias, conforme ao establecido no anexo II desta convocatoria.

7. Unha mesma persoa solicitante, ou as súas empresas vinculadas, poderán obter subvención por un máximo de dous proxectos ao abeiro desta convocatoria.

Artigo 3. Financiamento, contías máximas e intensidade das axudas

1. As axudas relativas ao obxecto desta resolución financiaranse cun crédito total de 2.200.000 euros con cargo ás aplicación orzamentaria 13.A1.432B.770.2, código de proxecto 2024 00002 dos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o exercicio de 2025 e coa seguinte distribución por anualidades:

Aplicación orzamentaria	Anualidade	Importe
13.A1.432B.770.2	2025	900.000 €
	2026	1.300.000 €

2. Estas subvencións terán carácter plurianual e admitiranse aqueles gastos que fosen realizados, e pagados, entre a data de presentación da solicitude da axuda e o 30 de setembro de 2026. O período subvencionable, por tanto, abarca desde o día da presentación da solicitude ata o 30 de setembro de 2026.

3. Poderanse ampliar os créditos dedicados a esta convocatoria logo da declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias establecidas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, se fora o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, de acordo coa orde de prelación de solicitudes establecida no artigo 1.5.

4. No caso de que os créditos fosen ampliados, publicarase esta circunstancia nos mesmos medios que esa convocatoria, sen que esta publicidade implique a apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

5. No caso de existir solicitudes que, cumprindo todos os requisitos, non consigan o dereito á subvención por esgotarse o orzamento dispoñible, pasarán a formar unha lista de espera formada polas persoas solicitantes que poderían ser susceptibles de recibir a axuda se se efectúa un incremento de crédito, ben por dispoñer de crédito por producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente propostos ou ben por incremento do orzamento inicialmente destinado a esta liña de axudas. A orde de prelación desta lista de espera será a entrada da solicitude no

Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, entendendo polo día de entrada aquel no que a documentación da solicitude se considere completa. Porén, a maior dispoñibilidade orzamentaria será destinada, en primeiro lugar, de ser o caso, a financiar ás persoas beneficiarias que, tendo dereito, non acadaran a porcentaxe máxima de subvención posible pola distribución do crédito destinado a esta convocatoria.

6. As porcentaxes máximas de axuda e as contías máximas que pode recibir un proxecto son as seguintes:

Empresa	Tipo de proxecto	Importe mínimo proxecto subvencionable	Actividade	Intensidade da axuda	Contía máxima
Empresa que acredita actividade en Galicia	Longametraxe	1.000.000 €	Coprodución con IP igual ou superior ao 20%	25%	350.000€
			Coprodución con IP inferior ao 20%	25%	300.000€
			Servizo de produción	18%	
	Serie	1.300.000 €	Coprodución con IP igual ou superior ao 20%	25%	350.000€
			Coprodución con IP inferior ao 20%	25%	300.000€
			Servizo de produción	18%	
Outras empresas produtoras	Longametraxe ou serie	1.500.000 €	Coprodución ou servizo de produción	10%	300.000 €

7. Concorrenza de subvencións: Seguindo os límites establecidos no artigo 54 do Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación

dos artigos 107 e 108 do Tratado, estas subvencións son incompatibles con outras axudas para o mesmo proxecto de calquera departamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pero son

compatibles coas axudas doutras administracións públicas e entidades públicas, sempre que a intensidade de axuda non exceda o 50% do importe subvencionable, ou o 60% no caso das producións transfronteirizas financiadas por máis dun Estado membro da Unión Europea e nas cales participen produtoras de máis dun Estado membro.

Con todo, estas axudas están suxeitas ao réxime de incompatibilidades establecido no Regulamento (UE) 2021/1060, de maneira que unha operación poderá recibir axuda dun ou varios Fondos EIE ou dun ou varios programas e doutros instrumentos da Unión a condición de que o gasto declarado nunha solicitude de pago correspondente a un dos Fondos EIE non se declare para solicitar axuda doutro Fondo ou instrumento da Unión ou axuda do mesmo Fondo no marco dun programa distinto

8. A esta convocatoria seralle de aplicación o disposto no artigo 21.2 do Real decreto 1084/2015, do 4 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, modificado polo Real decreto 1090/2020, do 9 de decembro, segundo as disposicións da Unión Europea nesta materia, exceptúanse da aplicación os límites previstos no Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión ás producións que teñen a consideración de «obra difícil, segundo o Real Decreto citado aplicándose as porcentaxes previstas nel

9. Para os efectos de comprobación do cumprimento das intensidades máximas de axuda, as persoas beneficiarias deberán declarar o gasto total da produción audiovisual e as axudas, subvencións, ingresos ou recursos aplicados ao mesmo.

Artigo 4. Proxectos subvencionables. Modalidades e requisitos

A persoa solicitante deberá presentar unha proposta de produción audiovisual que se axuste aos seguintes requisitos:

1. Produción que teña como destino final principal a exhibición cinematográfica comercial ou a emisión en canles de televisión ou plataformas de servizos de vídeo baixo demanda (VOD) con implantación xeográfica nacional e internacional e se poidan encadrar nas seguintes modalidades:

1.1. Longametraxe de ficción que teña un mínimo de 60 minutos de duración.

1.2. Serie de ficción cunha duración mínima de experiencia do espectador de 150 minutos que se corresponda cunha primeira ou segunda tempada.

2. Deberá dispoñer dun financiamento mínimo do 60% do custo total da produción audiovisual acreditada convenientemente no momento de presentar a solicitude ou acreditar ter asinado un acordo para realizar os servizos de produción (*service*).

3. O orzamento do proxecto subvencionable (gasto en Galicia) da produción audiovisual, longametraxe ou serie, deberá contemplar un importe mínimo de 1.500.000 €. . Cando a entidade solicitante acredite actividade en Galicia, de conformidade co artigo 1.3 c). , o importe mínimo de

gasto será de 1.000.000 euros no caso das longametraxes e de 1.300.000 € cando se trate dunha serie de ficción.

4. O orzamento do proxecto subvencionable deberá contemplar un gasto mínimo en concepto de gastos de persoal subvencionables do 40%.

5. A proposta de produción audiovisual deberá garantir unha duración mínima de rodaxe efectiva en Galicia de 20 días laborables, nun período máximo de 6 semanas.

Artigo 5. Gastos subvencionables.

1. Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que se realicen en Galicia, que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para a execución do proxecto subvencionado en base á descrición do mesmo na solicitude e memoria técnica. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

2. A estes gastos seralles de aplicación o previsto na Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

3. Só se admitirán aqueles gastos realizados dentro do período de execución indicado na resolución da concesión da axuda, respectando sempre o período subvencionable incluído nesta convocatoria. Deste xeito, só se considerará gasto subvencionable o que fora executado e pagado dentro do prazo indicado na resolución da axuda.

Exceptúanse desta regra xeral aqueles gastos cuxos pagos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pago antes de finalizar o mes en que á persoa beneficiaria correspóndelle liquidar eses gastos.

4. Co fin de cumprir co efecto incentivador do Regulamento (UE) 651/2014, os gastos subvencionables non poderán comezar antes da presentación da solicitude da axuda. Ningún dos custos alegados sobre os que se solicita subvención poderán ser incorridos con carácter previo a esta presentación; de ser así, o proxecto na súa totalidade non sería subvencionable.

5. Os conceptos de gasto susceptibles de considerarse custos subvencionables a efectos das presentes bases descríbense no modelo complementario anexo a esta convocatoria, e fan referencia a:

5.1 Gastos de persoal. Considéranse custos de persoal subvencionables tanto os custos brutos de emprego do persoal efectuados directamente pola persoa beneficiaria da subvención, como os

custos derivados de contratos de servizos prestados por persoal externo sempre que os devanditos custos poidan identificarse claramente. Para o caso de contratación laboral directa, os custos brutos de emprego do persoal contemplarán, tamén, os custos derivados dos seguros sociais obrigatorios.

Neste apartado inclúese:

a) Guión e música. Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles gastos de persoal relacionados co guión e a música, tales como reescritura de guión, diálogos adicionais, traducións, arranxos, dirección de orquestra, gravación e intérpretes, sempre que ditos conceptos non formen parte dos materiais de desenvolvemento dos proxectos e así figuren nos contratos asinados para a coprodución ou execución dos servizos de produción das obras audiovisuais.

b) Persoal artístico. Enténdese por persoal artístico o elenco actoral tanto de protagonistas como de principais, secundarios, figuración, especialistas dobraxe e calquera outro persoal que poida encadrarse nesta categoría.

c) Persoal técnico e administrativo. Neste epígrafe recóllese o equipo de dirección, produción, fotografía, decoración, xastraría, maquillaxe, barbería, efectos especiais e efectos sonoros, equipo de son, montaxe, electricistas e maquinistas ou o persoal complementario tal como asistencia sanitaria, gardas de seguridade, peóns.. Así mesmo considerarase o persoal administrativo pola parte que corresponda ao proxecto, calculado mediante un prorrateo en función da súa participación no mesmo, sempre que se poida acreditar que o seu centro de traballo está localizado na Comunidade Autónoma de Galicia.

Poderase considerar custo subvencionable a remuneración da persoa que exerza a produción executiva en Galicia ata un 5% do orzamento subvencionable do proxecto presentado. Ademais, só se recoñecerá como custo a produción executiva realizada por persoas físicas ou por persoas xurídicas cuxo obxecto social inclúa especificamente, sen prexuízo doutros, o de produción executiva. Cando exista unha relación mercantil entre a empresa produtora e a persoa produtora executiva, deberá acompañarse o contrato correspondente e a súa factura, se a relación é laboral, deberá achegarse, xunto ao contrato, a nómina correspondente, con expresa indicación do réxime xeral da seguridade social.

Aos efectos desta convocatoria só se considerarán gastos de persoal subvencionables os executados en Galicia, durante o período subvencionable, e ata un importe máximo de 75.000 euros por profesional.

Un mesmo profesional non poderá xerar custo subvencionable por máis de dúas funcións dentro da produción.

5.2 Outros gastos subvencionables.

Terán a consideración de gastos subvencionables elixibles, para o cálculo do 40% de custos subvencionables distintos de persoal, aqueles que se refiren a algunha das categorías que se describen a continuación:

5.2.1 Escenografía. Consideraranse gastos subvencionables os relativos á construción, montaxe e derriba de decorados xa sexan en interior ou exterior, así como o seu aluguer. Tamén todos os compoñentes da ambientación en escena, o vestiario e calquera outro servizo necesario para a posta en escena como animais, carruaxes e calquera outro elemento preciso para esta finalidade.

5.2.2 Estudos de rodaxe, sonorización e produción. Os gastos subvencionables deste capítulo fan referencia ao custo dos estudos de rodaxe, tales como aluguer de estudos, rodaxe en exteriores, instalacións complementarias, así como os custos en servizos de montaxe e sonorización (salas de montaxe, proxección, dobraxe, efectos sonoros, gravación, mesturas, transcricións).

Tamén se consideran gastos subvencionables os relativos á produción como as copias do guión, fotocopias en rodaxe, aluguer de camerinos, caravanas, almacéns, limpeza, gastos relacionados coas medidas sanitarias de aplicación, e todos aqueles vinculados á produción necesarios para un correcto desenvolvemento da rodaxe.

5.2.3 Maquinaria de rodaxe e transportes. Serán gastos subvencionables aqueles relativos ao custo de aluguer da maquinaria e elementos de rodaxe como cámaras, obxectivos especiais e complementarios, accesorios de rodaxe, material de iluminación, guindastres, plataformas elevadoras, grupos electrógenos, equipos de son, aluguer de helicópteros, avións, drons ou barcos así como outros medios de transporte utilizados para os desprazamentos da rodaxe: camións, autobuses, furgonetas, coches e calquera outro utilizado para este fin.

5.2.4 Desprazamento, aloxamento e manutención. Terán a consideración de gastos subvencionables os producidos durante o período de rodaxe, localizacións para a rodaxe e período de postproducción que se produzan en Galicia.

5.2.5 Seguros. Consideraranse gastos subvencionables aqueles gastos en seguros que se correspondan coa natureza da produción audiovisual e se refiran ao tempo efectivo da execución da mesma en Galicia.

5.2.6 Custos indirectos. Poderanse considerar gastos subvencionables, aqueles gastos, distintos de persoal, que se orixinan no centro de traballo en Galicia, que sen estar directamente relacionados co proxecto son necesarios para a súa execución, tales como aluguer da oficina, mensaxería, subministracións de servizos básicos e comunicacións, que se correspondan co período subvencionable.

5.2.7 Publicidade e promoción. Serán subvencionables os gastos de publicidade e promoción da obra efectuados pola empresa produtora, se a persoa beneficiaria da subvención posúe cando

menos un 20% dos dereitos de propiedade industrial da obra. Este concepto inclúe a elaboración do tráiler e o *making of* da produción audiovisual.

6. Esta convocatoria baséase no financiamento a tipo fixo dos custos subvencionables distintos dos custos directos de persoal, en aplicación do artigo 56 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados. Así, para cubrir os custos subvencionables, distintos de persoal, descritos anteriormente, utilizarase un tipo fixo do 40% que se calculará sobre os custos directos de persoal subvencionables.

7. De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia e a Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027, non serán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda, os intereses debedores de contas bancarias, os intereses de demora, recargas e sancións administrativas e penais, nin os gastos de procedementos xudiciais. En concreto non serán computados como gasto subvencionable o importe do imposto sobre o valor engadido e outros impostos de carácter recuperable.

8. Non terán a consideración de gastos subvencionables:

- a) Os gastos suntuarios, entendéndose por tales aqueles que non achegan valor ao proxecto, as gratificacións, os agasallos protocolarios, premios nin os gastos relativos aos servizos de representación e protocolo.
- b) Os gastos en servizos relacionados coa xestión empresarial por parte dos produtores ou coproductores.
- c) Os gastos en asistencia xurídica, ou de consultaría en calquera materia.
- d) Os gastos derivados da compra de activos fixos, propiedade ou dispositivos electrónicos de consumo nin outros gastos que supoñan un incremento patrimonial da persoa beneficiaria.
- e) A facturación realizada entre as empresas coproductoras da obra audiovisual.

Artigo 6. Subcontratación

1. De acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, enténdese que unha persoa beneficiaria subcontrata cando concerta con outros produtores a execución total ou parcial da actividade subvencionable. Para determinar a existencia de subcontratación, atenderase ao obxecto social do produtor co que se pretenda contratar a actividade.
2. Non se considera subcontratación a contratación de calquera actividade ou servizos de produción con profesionais ou empresas en cuxo obxecto social non se inclúa a produción cinematográfica.
3. Admitirase a subcontratación de actividades e servizos con produtores co límite máximo do 40% do custo subvencionable da película, sempre que as actividades e servizos sexan subcontratadas con máis dunha empresa, exigiéndose la empresa el cumplimiento de las obligaciones establecidas en los artículos 27 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia y 43 de su reglamento.”.
4. En ningún caso poderá concertarse pola persoa beneficiaria a execución total ou parcial das actividades subvencionadas nos supostos comprendidos no artigo 27.7 da Lei 9/2007.

No que referente á contratación de empresas vinculadas á persoa beneficiaria, ademais respectar o establecido no artigo 27.7 d) da Lei 9/2007, só se computarán a efectos de xustificación da subvención os gastos dun máximo de dúas empresas vinculadas á persoa beneficiaria, cun límite máximo de 50.000 euros por empresa. A persoa beneficiaria deberá solicitar a autorización do órgano concedente con carácter previo ao compromiso de gasto.

Considerarase que existe vinculación nos supostos previstos no artigo 43.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. O informe de auditoría que presente a empresa produtora da película xunto á solicitude de pago deberá incluír unha relación detallada de todas as empresas vinculadas á mesma.

Artigo 7. Presentación das solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.
2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de maneira presencial, requiriráselle, para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. Na solicitude (anexo II), constan as seguintes declaracións responsables:

3.1. Declaración responsable de todas as axudas solicitadas e concedidas para a mesma finalidade ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

3.2. Declaración responsable de que os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos, e acepta as condicións e obrigas recollidas nesta convocatoria.

3.3. Declaración responsable de que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3.4. Declaración responsable de que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.5. Declaración responsable de que está ao día no pago de deberes por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e de reembolso de préstamos ou anticipos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

3.6. Declaración responsable de que coñece que os provedores non poderán estar asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores e que non concorren neles ningunha das prohibicións recollidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nin no artigo 43 do regulamento que desenvolve a citada lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, tendo en conta, ademais, o disposto no Regulamento (UE) núm. 651/2014 sobre empresas vinculadas e o establecido nestas bases.

3.7. Declaración responsable de que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal solicita a axuda e garantir a súa sostibilidade financeira.

3.8. Declaración responsable de que manterá un sistema de contabilidade separada ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos FEDER.

3.9 Declaración responsable de que conservará toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano no que se efectúe o último pago polo órgano concedente, segundo o establecido no artigo 82 do Regulamento (UE) 2021/1060. Este prazo quedará interrompido se se inicia un procedemento xudicial ou a pedimento da Comisión da UE.

3.10. Declaración responsable de que asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.

3.11. Declaración responsable de que cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións, así como a normativa vixente sobre accesibilidade de persoas con discapacidade.

3.12. Declaración responsable de non consideración de empresa en crise no momento da presentación da solicitude nin estar suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior. Con todo, a Axencia Galega das Industrias Culturais utilizará os medios que considere oportunos para a súa verificación e requirirá ao solicitante, se for necesario, os documentos oportunos.

3.13. Declaración responsable de que o proxecto financiado non inclúe actividades que ocasionen un prexuízo significativo aos obxectivos ambientais (principio do not significant harm-DNSH), previstos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables mediante a implantación dun sistema de clasificación (ou taxonomía) das actividades económicas medio ambientais sustentables.

3.14. Declaración responsable de que o proxecto financiado cumpre co establecido no artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/1060 relativo aos principios horizontais en materia de igualdade, accesibilidade e dereitos fundamentais.

3.15. Declaración responsable de que o proxecto non se iniciou antes da presentación da solicitude de axuda.

3.16. Declaración de que a obra audiovisual terá carácter cultural e poderá obter o certificado cultural por parte do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA).

3.17. Declaración de que a entidade solicitante, ou de ser o caso, as empresas que integran a entidade xurídica solicitante, cumpren cos requisitos de produtor independente tal e como establece o artigo 4.n) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.

3.18. Que realizará en Galicia as actividades para as cales solicita a axuda.

Artigo 8. Prazo para presentar as solicitudes e emenda

1. O prazo para a presentación das solicitudes iniciárase aos 7 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia e rematará 1 de outubro de 2025. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.
2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta, non se achegase a documentación esixida ou non se reunisen os requisitos sinalados na normativa da convocatoria ou os que, con carácter xeral, indícanse na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a persoa interesada será requirido para que no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á notificación do requirimento, emende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, e indícase ademais que, de non facelo, considerarase que desiste na súa petición, despois de resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos na lei.

Artigo 9. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude (anexo II) a seguinte documentación complementaria:

-Documentación administrativa:

- 1.1. Certificado do acordo social da solicitude da axuda ou da autorización da persoa que a firme e nome da entidade, se a persoa solicitante é persoa xurídica.
- 1.2. Estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro mercantil ou o que corresponda, se a persoa solicitante é persoa xurídica.
- 1.3. Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude.
- 1.4 Documentación acreditativa de estar comprendida na definición de pequena e mediana empresa (PEME) segundo o Regulamento (UE) núm. 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014 sobre a definición de microempresas, pequenas e mediana empresas (DOUE-L-2014-81403), en función dos seus efectivos e do seu volume de negocio e do seu balance anual. A estes efectos, a persoa solicitante deberá achegar as contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou o Modelo 200 do Imposto de Sociedades do último exercicio fiscal.

Para o caso de que a persoa solicitante sexa unha AIE, deberá achegarse esta mesma documentación de todas as empresas que a conforman.

A Agadic realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas para as que se propón a concesión da axuda teñen a condición de PEME.

1.5. Documentación acreditativa de que a persoa solicitante é propietaria dun mínimo do 20% dos dereitos de propiedade da obra, ou do 15% ou do 10% segundo as presentes bases, cando se trate dunha coprodución. A participación da persoa solicitante nos dereitos de propiedade da obra deberá acreditarse no contrato ou contratos subscritos ou, no seu defecto, a porcentaxe de participación calcularase en función dos compromisos económicos adquiridos con respecto ao custe total da produción audiovisual.

1.6. Contrato para realizar os servizos de produción en Galicia da obra, cando se trate dun encargo de produción .

1.7. Documentación acreditativa de que o proxecto é obra orixinal e de posuír os dereitos suficientes do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles, no caso de que a entidade solicitante sexa coprodutora da obra.

- Documentación técnica:

1.8. Documentación que acredite o cumprimento do establecido no artigo 2.3 das presentes bases por parte da entidade solicitante ou da persoa responsable da produción executiva en Galicia. En concreto deberase achegar:

1.8.1. Ficha publicada na base de datos de películas cualificadas do ICAA, para o caso das longametraxes cinematográficas de ficción.

1.8.2. Certificado ou informe expedido pola canle de televisión ou plataforma de VOD, para o caso das series de ficción no que se especifique a emisión da obra en dous ou máis países.

1.9. Orzamento estimado de custos do proxecto subvencionable segundo o anexo III da convocatoria, desagregado por capítulos de gasto.

1.10. Cronograma da produción en Galicia no que se relacionen as zonas xeográficas onde se realizará a produción audiovisual e se especifiquen as localizacións galegas, os días de rodaxe que terán lugar en Galicia e a porcentaxe dos mesmos con respecto á totalidade da rodaxe da produción audiovisual.

1.11. Plan de financiamento. As persoas solicitantes deberán acreditar que dispoñen dos recursos financeiros suficientes para efectuar os traballos obxecto da subvención:

1.11.1. Para os proxectos en coprodución a persoa solicitante deberá presentar un plan de financiamento da produción audiovisual, con indicación do importe total da mesma e as diferentes fontes de financiamento para a súa realización. Neste sentido, deberá presentar a documentación que acredite que a produción audiovisual posúe un financiamento mínimo en firme de, a lo menos, o 60% sobre o seu custo total, tales como:

- Resolucións definitivas de concesión doutras axudas públicas compatibles coa presente convocatoria.
- Contratos de vendas e distribución asinados con data posterior ao 30 de xuño de 2024, ou actualización ou addenda dos mesmos, no caso de que a sinatura teña unha data anterior.
- Contratos de coprodución ou de cesión de dereitos de emisión con canles de televisión e/ou plataformas de VOD.
- Documentación xustificativa das operacións de desgravacións e/ou incentivos fiscais.
- Outros compromisos de investimento privado que deberán estar acompañados da correspondente orde de transferencia bancaria en favor da persoa solicitante.

1.11.2. Para os proxectos con encargo do servizo de produción a persoa solicitante deberá presentar o contrato subscrito para a execución do proxecto audiovisual, acompañado da versión traducida a algunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma, de ser preciso.

1.12. Calquera outra documentación que a persoa solicitante considere pertinente para a mellor defensa do proxecto.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen achegados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os devanditos documentos que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada. De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos para presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento, consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada opoñase á súa consulta.

- DNI ou NIE da persoa solicitante.
- NIF da entidade solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- Certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, no epígrafe/subepígrafe que corresponda, no exercicio actual.
- Certificado de estar ao corrente de pago de débedas tributarias coa AEAT
- Certificado de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente de pago de débedas coa Administración pública da comunidade autónoma
- Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- Consulta de concesión de subvencións e axudas.
- Consulta de titulares reais ao Rexistro Central de Titularidades Reais (RCTIR), en aplicación do disposto no artigo 69.2 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. Notificacións

1 As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta ao dispor das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter a súa dirección electrónica habilitada única a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia- Notifica.gal para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico.

En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear a indicada dirección para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta Cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a proporcionar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquelas obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 14. Instrución do procedemento

1. Na concesión das subvencións seguirase un procedemento abreviado no que a proposta provisional de resolución será efectuada pola dirección da Axencia, elevándoa á presidencia de Agadic para a súa aprobación posterior, conforme ao procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de subvención examínanse e serán outorgadas sempre que cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria por orde cronolóxica, tendo en conta a data de entrada no rexistro. Considerarase como data de entrada no rexistro a que se corresponda coa última documentación que permita concluír que o expediente está completo e cumpre todos os requisitos para ser subvencionado.
2. Ao tratarse dunha convocatoria aberta na que se dispón do crédito vixente en actos sucesivos de adxudicación, unha vez esgotado o crédito da partida orzamentaria asignada inadmitíranse posteriores solicitudes publicándose dita circunstancia no DOG e na páxina web de Agadic. Desde o momento en que se esgote o crédito orzamentario, non serán outorgadas novas subvencións, sen prexuízo do cumprimento do disposto no artigo 31.4 da Lei de subvencións de Galicia.
3. A Dirección de Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instructor do procedemento, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e correspóndelle realizar de oficio cantas actuacións considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas especificamente as seguintes funcións:
 - 1º Examinar as solicitudes e documentación presentadas, para garantir o cumprimento de todos os requisitos establecidos.
 - 2º Requirir das persoas solicitantes a emenda ou achega da documentación que resultase de obrigado cumprimento.
 - 3º Formular a proposta de resolución, debidamente motivada.

4. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta provisional de resolución, e poderalle requirir á persoa solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

5. En todo caso, non se admitirán a trámite, e ditarase a resolución de inadmisión e arquivo, as solicitudes que se presenten fóra do prazo de solicitude establecido nas presentes bases.

Artigo 15. Resolución da convocatoria

1. Trala comprobación polo órgano instrutor do cumprimento dos requisitos por cada solicitude, elevará a proposta de resolución concesión definitiva á Presidencia de Agadic para ditar a resolución de concesión que deberá estar debidamente motivada.

2. A Presidencia do Consello Reitor de Agadic deberá ditar resolución expresa, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.

3. A resolución de concesión expresará, cando menos, os seguintes datos:

a) A identificación da persoa beneficiaria da axuda.

b) O importe global da axuda e a desagregación do devandito importe por anualidades.

4. A Presidencia do Consello Reitor tamén deberá ditar resolución expresa, trala proposta do órgano instrutor, das solicitudes inadmitidas e desestimadas, en ambos os casos deberase reflectir a causa da non admisión e da desestimación.

5. En todo caso, deberá notificarse a cada persoa beneficiaria un documento no que deberán figurar, como mínimo, a identificación da persoa beneficiaria, a contía da subvención e obrigas que correspondan, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse coa axuda, o plan financeiro e o calendario de execución, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección de operacións que debe conter o documento polo que se establecen as condicións de axuda (DECA).

6. A aceptación da axuda, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027, implica a aceptación da inclusión das persoas beneficiarias na lista de operacións que se publicará no portal da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Función Pública co contido do previsto no artigo 49.3 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e o Consello do 24 de xuño de 2021.

7. No expediente da subvención tamén se fará constar o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder despréndese que as persoas beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

8. O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria será de dous meses, contados a partir do día seguinte á presentación das solicitudes. De non mediar resolución expresa no devandito prazo mediante a publicación da correspondente resolución no Diario Oficial de Galicia, as persoas solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

9. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Con todo, a notificación individual de concesión da axuda poderase acompañar tamén coa publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web <http://agadic.gal>, con indicación da data da convocatoria, da persoa beneficiaria, da cantidade concedida e da finalidade da axuda outorgada.

Artigo 16. Aceptación e renuncia da subvención

1. Unha vez notificada a resolución, as persoas beneficiarias comunicarán a Agadic, por escrito, a aceptación da subvención concedida nun prazo máximo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión. Transcorrido este prazo sen comunicarse esta aceptación ou sen producirse manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada.

2. No caso de que a subvención concedida fose inferior ao importe solicitado, as persoas beneficiarias poderán remitir a Agadic un novo orzamento estimado de gastos (anexo III) adaptado á subvención concedida que, como máximo, reaxustarase pola diferenza entre ambas as cantidades. A reformulación do orzamento deberá respectar o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os requisitos esixibles para a súa concesión. Esta documentación deberase remitir no prazo máximo de 10 días hábiles, contados desde a notificación da resolución de concesión.

3. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se publicará na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. O presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da devandita norma.

Artigo 17. Obrigas das persoas beneficiarias

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como daquelas outras específicas que se indican nesta convocatoria, as persoas beneficiarias das subvencións concedidas ao amparo desta resolución quedan obrigadas a:

- a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención e a acreditálo ante o órgano concedente, así como ao cumprimento dos requisitos, prazos e condicións establecidos nas normas reguladoras, na convocatoria e na resolución de concesión, e no documento no cal se establecen as condicións da axuda.
- b) Xustificar ante a Axencia Galega das Industrias Culturais, de acordo co previsto nestas bases e na normativa reguladora de subvencións, o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e dos gastos subvencionables e o cumprimento da finalidade que determinan a concesión e goce da subvención.
- c) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e no resto de casos previstos na Lei 9/2007.
- d) Proporcionar á Administración, despois de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento dos deberes previstos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- e) Cumprir a normativa aplicable ao FEDER, en particular, o Regulamento (UE) 2021/1060 e ao Regulamento (UE) 2021/1058, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.
- f) Someterse ás actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que deba efectuar o órgano concedente, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, ou en xeral as comprobacións e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e, no seu caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou outras instancias de control, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia FEDER 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos, e achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- g) Neste sentido, a persoa beneficiaria estará obrigada a facilitar os datos do titular real dos perceptores de financiamento da Unión, no caso de que requirida dita información ás autoridades competentes, non poda dispoñer dela.
- h) Comunicar á Axencia Galega das Industrias Culturais a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.
- i) Desenvolver as actividades financiadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Solicitalle á Axencia Galega das Industrias Culturais autorización para realizar aquelas modificacións no desenvolvemento das actuacións aprobadas que estean suxeitas a autorización previa. A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable supoñerá a non admisión das posibles cantidades desviadas.

k) Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos da Unión Europea no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027, segundo o previsto nos artigos 47, 50 e no Anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, a persoa beneficiaria deberá:

1. Recoñecer o apoio na súa páxina web oficial, cando exista, e nas contas de redes sociais nas que se aluda á produción audiovisual e sexan administradas pola persoa beneficiaria, destacando a axuda económica da Unión Europea.

2. Presentar unha declaración que destaque de forma visible a axuda da Unión Europea, en todos os documentos e materiais de comunicación destinados ao público e relacionados coa execución da actuación que xere a entidade beneficiaria.

3. Exhibir, en lugar ben visible para o público, polo menos un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a actuación, onde se destaque a axuda con fondos da Unión Europea no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027, . Nos casos nos que a persoa beneficiaria sexa unha persoa física, asegurará, na medida do posible, a dispoñibilidade de información adecuada onde se destaque a axuda dos fondos europeos, en lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

Este cartel deberá estar presente en todos os lugares onde se desenvolva o obxecto da axuda, tanto nos lugares de gravación durante a súa realización (sen interferir nela) como na sede do centro de traballo principal.

Cando varias actuacións teñan lugar no mesmo emprazamento, só é preciso colocar unha placa ou cartel

4. Durante o período de obrigatoriedade de conservación da documentación, a persoa beneficiaria deberá conservar, en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elaboren no marco da actuación. Este material deberá estar ao dispor da Xunta de Galicia ou das institucións da Unión Europea se así o solicitan.

5. Incluír, nos títulos de crédito iniciais ou finais da produción, cando se trate dunha longametraxe, en tarxeta única, a mención «Rodado en Galicia como proxecto cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027, coa subvención da Xunta de Galicia», utilizando as súas marcas principais.

No caso das series, a tarxeta única deberá figurar nos títulos de crédito iniciais do primeiro capítulo ou nos créditos finais de cada un dos demais capítulos, onde se deberá incluír a referencia “Rodado

en Galicia como proxecto cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027, coa subvención da Xunta de Galicia” utilizando as súas marcas principais.

6. Respetar, en todo caso, as directrices contidas no documento sobre “O uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027” (https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf), e as características técnicas descritas no anexo IX do Regulamento (UE)2021/1060.

En todas as obrigas anteriores deberá empregarse o emblema europeo xunto a unha declaración sinxela en relación ao cofinanciamento, que mencione o apoio recibido da Unión Europea (“Cofinanciado pola Unión Europea”), e máis o logotipo de Fondos Europeos. Estes emblemas e logotipos, listo para o seu uso, poderán descargarse no seguinte enlace:

https://www.conselleriadefacenda.gal/documents/20696201/20982442/Logos_web.zip

Os requisitos de comunicación destas axudas e as súas instrucións estarán ao dispor de todas as persoas beneficiarias na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (<https://industriasculturais.xunta.gal>), no seu epígrafe de axudas.

l) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable idóneo que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao amparo desta resolución.

m) Conservar os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e abono dos gastos e investimentos subvencionables durante un período de 5 anos a partir de 31 de decembro do ano no que se efectúe o último pago polo órgano concedente, segundo o establecido no artigo 82 do Regulamento (UE) 2021/1060. Este prazo quedará interrompido se se inicia un procedemento xudicial ou a pedimento da Comisión da UE.

n) As persoas beneficiarias deberán:

1. Comunicar a Agadic, con polo menos 15 días de antelación, as datas efectivas de inicio e fin da rodaxe ou gravación da produción subvencionada, que deberán estar comprendidas dentro do período subvencionable, así como todos os cambios que se produzan na planificación das mesmas.

2. Entregar en Agadic os materiais acreditativos da realización do proxecto audiovisual en Galicia, entendendo por tal, cando menos, a primeira montaxe da obra audiovisual.

3. Depositar na Axencia Galega das Industrias Culturais o seguinte material xustificativo:

3.1. Se a película está gravada en dixital achegarase unha copia no soporte de máis alta calidade, preferiblemente DCP, que cumpra a normativa DCI e non teña KDM (é dicir, en aberto). A copia

depositada en cumprimento desta obriga non poderá ser retirada nin transferida para o depósito noutras institucións para o cumprimento doutras obrigas de depósito que aquelas puideren impoñer.

3.2. Un arquivo dixital (Codec h264 ou compatible, que se poida visionar nun computador), xunto coa documentación xustificativa da subvención.

Este depósito deberá realizarse, de ser posible, coa xustificación e, en todo caso, 12 meses despois da aprobación da xustificación pola Agadic e do aboamento da totalidade da subvención a que se tivera dereito.

4. Cando Agadic o solicite, as persoas beneficiarias da subvención na modalidade de coprodución estarán obrigadas a facilitarlle copias da documentación empregada para a realización, promoción e difusión da obra (carteis, fotografías, músicas, portadas, trailers e outros materiais) para actividades de promoción do audiovisual galego.

5. Cando Agadic o solicite, as persoas beneficiarias estarán obrigadas a facilitar datos de produción que se consideren oportunos, en particular os relacionados co custo total do proxecto, separando o custo total daquel efectuado en Galicia, a efectos de elaborar informes estatísticos.

Artigo 18. Modificación da resolución

1. As actuacións subvencionadas deben executarse no tempo e forma que se determinen nas resolucións de concesión, debendo obter a previa autorización da Axencia Galega das Industrias Culturais para realizar cambios no proxecto.

2. Cando xurdan circunstancias concretas que alteren as condicións técnicas ou económicas tidas en conta para a concesión da axuda, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión polo órgano concedente.

3. Tamén se poderá acordar a modificación da resolución de concesión por instancia da persoa beneficiaria se se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que a modificación sexa autorizada expresamente polo órgano concedente.

b) Que a modificación non afecte os obxectivos perseguidos coa axuda, aos seus aspectos fundamentais ou que fosen determinantes para a concesión da axuda, á determinación da persoa beneficiaria, nin dane dereitos de terceiros.

c) Que as modificacións obedezan a causas sobrevindas que non puideron preverse no momento da solicitude. Os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de concorrer na concesión inicial, non poderían supoñer a denegación da subvención, nin poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

Permitiranse, sen necesidade de autorización previa polo órgano concedente, alteracións nos importes dos conceptos subvencionables de axuda que figuren na resolución de concesión que non superen o 20%, sempre que se compensen os incrementos duns con diminucións doutros, e que esta circunstancia non modifique o importe total da anualidade e da axuda no seu conxunto. A persoa beneficiaria deberá acreditar debidamente o cambio na documentación de xustificación presentada.

4. A solicitude de modificación debe ser formulada polo representante legal da persoa beneficiaria, expresando os motivos dos cambios que se propoñen e xustificando a imposibilidade de cumprir as condicións expostas na resolución de concesión.

Salvo naqueles supostos nos que proceda a aplicación do establecido no artigo 59 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non se admitirán cambios con data anterior á entrada en rexistro da solicitude de modificación.

5. O acto polo cal se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia ao interesado. A autorización da modificación deberá realizarse de forma expresa, notificándoselle ao interesado.

6. Para os efectos de facilitar a xestión do orzamento adxudicado, poderase solicitar unha redistribución entre as anualidades variando proporcionalmente a seguinte anualidade orzada sempre respectando as limitacións establecidas no artigo 35.5 do Decreto 11/2009.

Artigo 19. Xustificación da subvención

1. Esta convocatoria réxese, a efectos da súa xustificación, polo establecido no artigo 56 do Regulamento (UE) 2021/1060, o que significa que a persoa beneficiaria deberá xustificar todos os custos directos de persoal a custo real e, para cubrir o resto de custos subvencionables da operación, aplicarse un tipo fixo do 40% de forma directa, cuxo cálculo se efectuará sobre o importe resultante da xustificación dos custos de persoal considerada correcta. Os custos directos de persoal que se xustifiquen deberán representar, como mínimo, un 40% do orzamento do proxecto subvencionable.

2. Só serán computados a efectos de xustificación os gastos de persoal que fosen efectivamente realizados e pagados no período subvencionable determinado na resolución de concesión da subvención. Esta circunstancia deberá acreditarse documentalmente, mediante copia das facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil, que teñan como destinatario á empresa produtora e cuxo expedidor quede identificado nas mesmas, así como mediante nóminas que estean emitidas pola persoa beneficiaria e as cotizacións á Seguridade Social. As facturas e documentos xustificativos similares serán expedidos conforme ao disposto na

normativa reguladora dos deberes de facturación que resulte aplicable. En todos os supostos deberán presentarse copia das facturas ou documentos xustificativos, acompañados da documentación acreditativa do pago, en concreto copia dos extractos e certificacións bancarias que deixen constancia do pago dos gastos pola persoa beneficiaria. Toda esta documentación deberá acompañarse dunha memoria económica abreviada que conteña a descrición dos custos de persoal coa identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago.

3. As facturas correspondentes aos contratos mercantís formalizados entre a persoa beneficiaria e as empresas prestadoras do servizo, susceptible de ser considerado gasto de persoal, deberán recoller especificamente os custos de persoal individualizados aos que fan referencia, así como unha breve descrición do servizo prestado.

4. A persoa beneficiaria deberá presentar a relación dos custos considerados subvencionables seguindo o modelo complementario desta convocatoria.

5. A persoa beneficiaria deberá remitir, de ser o caso, os tres presupostos que deba solicitar, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, que establece que cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a persoa beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non existan no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, nos caso que proceda.

6. A persoa beneficiaria presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para o mesmo proxecto, tanto das aprobadas como das pendentes de resolución, das diferentes administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (anexo IV).

7. Os prazos para a xustificación son os seguintes:

- Primeira anualidade 2025: dende a resolución de concesión ata o 10 de decembro de 2025.
- Segunda anualidade: desde o 11 de decembro de 2025 ata o 30 de setembro do 2026.

8. O investimento xustificado ten que coincidir coa resolución de concesión da subvención, ou as modificacións autorizadas. Se a xustificación fose inferior ao investimento previsto, sempre que se manteña o cumprimento da finalidade da subvención, se minorará a concesión proporcionalmente ao investimento non xustificado. No caso de que non se xustifique a subvención en prazo, ou de que o executado non cumprise o fin para o cal se concedeu a subvención, quedaría anulada na súa totalidade.

9. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido ou a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro das cantidades percibidas, caso de habelas, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso a persoa titular da Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10. Cando a persoa beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán ser abonados nos prazos de pagos previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

11. Cando á persoa beneficiaria se lle outorgase unha subvención por importe superior a 30.000 euros e sexa un suxeito dos incluídos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, terá que cumprir os prazos de pago establecidos no punto anterior, circunstancia que se acreditará coa presentación da conta de perdas e ganancias abreviada, e no caso de que non poida presentar dita conta, o cumprimento dos prazos legais de pago acreditaranse coa certificación dun auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

